

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO I CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES.

En Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuiña, presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), no exercicio das atribucións previstas no artigo 11 do Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, e de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Roman Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, actuando en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento por Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Antonio Cortés Lobato, en condición de director de Marketing , en nome e representación de “GADISA RETAIL S.L.U”, con domicilio social en con CIF .

Todas as partes, na representación invocada, recoñécense mutuamente a capacidade legal para este acto, e para tal efecto

MANIFESTAN

I.- De conformidade co Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así

como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

II.-A Área de Órganos, Células e Tecidos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.

Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.

III.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia da planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, segundo o disposto no artigo 1 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro.

IV.- Que Gadisa Retail SLU, é unha entidade comercial adicada á distribución.

V.- Que as entidades intervenientes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico, polo que acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do acordo.

O obxecto do presente acordo é establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do I Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2017-2018.

O concurso terá como tema “a doazón e os beneficios do transplante de órganos e tecidos”, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

Poderán participar no concurso de carteis o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Xúntase como Anexo ao presente acordo as bases da convocatoria do concurso indicado, que será parte integrante do mesmo para todos os efectos.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.

1.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asumen as seguintes obrigas e compromisos:

- a) Difundir o concurso nos seus respectivos ámbitos a través dos canais institucionais propios, contando co apoio e a colaboración de Gadisa.
- b) Promover e realizar o seguimento da inscrición dos participantes no concurso.
- c) Formar parte do xurado que resolverá a concesión dos premios do concurso, designando aos membros que representen ás respectivas institucións.
- d) A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos asume o custo íntegro dos premios do profesorado e alumnado gañador de conformidade coas bases deste concurso.

2.- Gadisa obrígase e comprométese a:

- a) Difundir o concurso no seu ámbito de actuación, contando co apoio e a colaboración da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Formar parte do xurado que determinará a adxudicación dos premios do concurso, designando aos membros que a representen.
- c) Asumir o custo íntegro do financiamento que corresponde aos premios destinados que se entregarán no apartado "centros docentes" de conformidade co establecido na cláusula terceira do presente acordo.

TERCEIRA.- Financiamento do concurso.

Gadisa Retail SLU asume o custo íntegro do financiamento dos premios correspondentes aos centros docentes, cunha dotación económica global económica de TRES MIL (3.000 EUROS). Dita dotación será entregada aos centros docentes gañadores en forma de vale para a adquisición de material escolar, de conformidade co establecido nas bases do concurso, anexas ao presente acordo.

ADOS asumirá o custe dos premios correspondentes ao profesorado e alumnado tal e como indican as bases do concurso, estimado nun valor total de MIL QUINIENTOS (1.500 EUROS).

CUARTA.- Modificacións.

Se durante o desenvolvemento do concurso se producisen circunstancias que implicasen modificacións substanciais do presente acordo, as partes documentarano por escrito mediante a sinatura dunha adenda ao presente acordo.

QUINTA.- Xurado.

As partes acordan crear un xurado para resolver a concesión dos premios do I Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes, que estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: conselleiro de Sanidade, ou persoa na que delegue.

b) Vicepresidente: director de marketing de Gadisa Retail SLU, ou persoa en quen delegue.

c) Vogais:

- Dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- A directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos ou persoa en quen delegue, e a coordinadora autonómica de transplantes de dita Axencia, que ademais exercerá como secretaria do Xurado.

En caso de empate, a persoa que ocupe a presidencia do xurado terá voto dirimente.

SEXTA. Difusión.

As partes asinantes poderán difundir a súa colaboración no concurso, en calquera manifestación pública que se leve a cabo en relación ao obxecto do presente acordo, a través de calquera medio de comunicación escrito, radio, televisión, Internet ou calquera outro tipo destas manifestacións públicas: roldas de prensa, entrevistas, notas de prensa, conferencias, etc.

Nos materiais de difusión que puideran prepararse (carteis, folletos, memorias, vídeos, etc.) farase constar expresamente a colaboración das partes asinantes, con inclusión das marcas ou logotipos que para tal efecto se faciliten.

Sen prexuízo do anterior, calquera difusión que se leve a cabo do concurso, será consensuada polas partes.

SÉTIMA.- Cláusula de confidencialidade e protección de datos.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan

acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois da data de finalización da vixencia do presente acordo.

OITAVA.- Comisión de seguimento.

Cada unha das partes asinantes designará un/unha representante para os efectos de constituír unha comisión de seguimento, coas seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as accións que se propoñan levar a cabo para a correcta execución do presente acordo.
- b) Vixiar, avaliar e controlar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo e das accións que se leven a cabo no seu desenvolvemento.
- c) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento deste acordo.

Dita comisión reunirase cunha periodicidade mínima bimensual e sempre que o solicite calquera das partes asinantes.

NOVENA.- Natureza xurídica do acordo.

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente acordo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

DÉCIMA.- Duración e vixencia.

O presente acordo terá efectos desde a data da súa sinatura e estará en vigor ata o 31 de xullo de 2018, con posibilidade de prórroga por un ano no caso de ser necesario para a íntegra execución do obxecto do presente acordo.

UNDÉCIMA.- Resolución anticipada.

Serán causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial dos termos do mesmo.
- b) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- c) O mutuo acordo das partes.

- d) A denuncia por calquera das partes, de forma expresa e por escrito, argumentando os motivos, con quince días de antelación á terminación do mesmo.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do mesmo.

En calquera destes casos, deberán finalizarse os traballos e compromisos que estean en vigor ao tempo de producirse calquera das causas de resolución antes indicadas, agás que as partes de mutuo acordo dispoñan o contrario.

DUODÉCIMA.- Xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión de seguimento prevista na cláusula oitava. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMO TERCEIRA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das personas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo, por cuadriplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados ao comezo.

**Pola Axencia Galega de Sangue,
Órganos e Tecidos**

**Pola Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria**

Por Gadisa Retail SLU

D. Jesús Vázquez Almuiña

D. Román Rodríguez González

D. Antonio Cortés Lobato